



moción

## MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A REGULACIÓN DOS POSTOS DE VENDA AMBULANTE NAS ESTRADAS

---

*Ao pleno da Corporación de Cuntis*

---

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Nos últimos anos asistimos á proliferación de postos de venda ambulante de froita (principalmente) e outros produtos á beira das estradas. Este feito foi xa denunciado en reiteradas ocasións por diversos colectivos na nosa provincia, sinalando estas prácticas como 'competencia desleal' e poñendo en cuestión que se cumpran os requisitos legais e mesmo sanitarios. Entre estes requisitos legais figura o de ter exposta e visible a autorización municipal que permite esa actividade. Vemos que este fenómeno vai en aumento co paso dos anos e é precisa unha regulación que evite situación de agravio a respecto dos pequenos comerciantes. É importante diferenciar entre os postos de venda ambulante situados á beiras das estradas, moitas veces sen máis infraestrutura que unha mesa e un letreiro, ou incluso simplemente un vehículo; da venda de excedente de produto local. Esta moción refírese ao primeiro dos casos.

O Concello de Cuntis non é alleo a estas prácticas, e coa chegada do verán aumentan este tipo de postos de igual maneira que o fan no resto do País. Nos casos nos que efectivamente se incumpren os requisitos legais, estas prácticas danan ao pequeno comercio local do noso concello. Entendemos que a administración local ten a obriga de velar polo sector comercial de Cuntis e de garantir as condicións de competencia en igualdade de condicións, polo que debe intervir en casos nos que se puidesen dar irregularidades como as que sinalamos nesta moción.



veciñanza

# moción

Por todo o exposto, propoñemos a adopción do seguinte

**ACORDO:**

1. Instar ao Concello de Cuntis a actuar mediante os recursos que teña dispoñibles (por exemplo, Policía Local) para controlar este tipo de prácticas e impedir situacións de competencia desleal que prexudiquen ao pequeno comercio local

Cuntis, 19 de maio de 2017

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López